

## **Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Carballo para a impartición de ensinanzas de formación profesional das familias de Hostalería e turismo e Fabricación mecánica**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

#### **INFORMA:**

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar co Concello de Carballo o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro cursos académicos 2025-2026, 2026-2027, 2027-2028 e 2028-2029, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Carballo, para a implantación ensinanzas de formación profesional das familias de Hostalería e turismo e Fabricación mecánica neste concello, concretamente o ciclo formativo de grao básico de Cociña e restauración e o ciclo formativo de grao medio Soldadura e caldeiraría, respectivamente.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no IES Monte Neme de Carballo a posta en funcionamento e organización das referidas ensinanzas.

O Concello de Carballo pon a disposición as instalacións do Forum Carballo, que acollen as instalacións necesarias e dispoñen dos equipamentos necesarios, segundo a normativa vixente, para a impartición das referidas ensinanzas de formación profesional.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



1. No Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e incluírán, ademais, as competencias da aprendizaxe permanente. Entre eles o currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en cociña e restauración.
2. Que de acordo coa Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:
  - Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
  - A súa duración será de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.
  - A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.
3. Que de acordo co Decreto 46/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en soldadura e caldeiraría, a competencia xeral deste título consiste en executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintaría metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.
4. Que o Concello de Carballo, participará activamente para a implantación de ensinanzas de formación profesional da familia de Hostalería e turismo e da de Fabricación mecánica no concello e, está disposto a colaborar aportando o uso das instalacións e os



equipamentos necesarios para ter a oferta das referidas ensinanzas de formación profesional no concello.

5. Que Forum Carballo é un complexo municipal enfocado á prestación de servizos, á formación e á dinamización do emprego no ámbito do municipio de Carballo e da Costa da Morte.

O proxecto Fórum Carballo integra todas as pezas do armazón que compón a xestión das accións formativas e a posta en marcha dos seus recursos nun único espazo; ten capacidade para desenvolver, nestes momentos, un total de 25 especialidades formativas homologadas que teñen como obxectivo facilitar unha formación axustada ás necesidades do mercado laboral.

6. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Carballo están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

